



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ACTA Nº 2023/8

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 29 DE XUÑO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP
ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ
JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ
MIGUEL FREIRE GÓMEZ
AZUCENA CAO SIERRA
ENRIQUE OTERO REY
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

PSOE
ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS
MARTÍN REGO BAAMONDE

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E OS SEUS PORTAVOCES.

En cumprimento do artigo 23 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 75.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, D. Alfredo Dovale Pedreira, Presidente e Concelleiro do Partido Popular en Mañón e D. Martín Rego Baamonde, Presidente e Concelleiro do Partido dos Socialistas de Galicia- PSOE en Mañón, comunicaron ó Concello, a constitución do Grupo Municipal Popular e do Grupo Municipal Socialista respectivamente, os integrantes, a designación dos portavoces e portavoces suplentes.

GRUPO MUNICIPAL: PARTIDO POPULAR

PORTAVOZ: FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA
PORTAVOZ SUPLENTE: AZUCENA CAO SIERRA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

INTEGRANTES: ALFREDO DOVALE PEDREIRA
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA
MIGUEL FREIRE GÓMEZ
ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ
AZUCENA CAO SIERRA
JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ
ENRIQUE OTERO REY

GRUPO MUNICIPAL: PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE

PORTAVOZ: MARTÍN REGO BAAMONDE
PORTAVOZ SUPLENTE: ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS
INTEGRANTES: MARTÍN REGO BAAMONDE
ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

2.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Procédese á lectura de proposición da Alcaldía que se transcribe, sobre a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

“A periodicidade das sesións do Pleno debe estar preestablecida por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria que haberá de convocar o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación (artigo 46.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 78.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

O artigo 46.2 da Lei 7/1985 establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos municipios de hasta 5.000 habitantes.

Nembargantes a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispón no artigo 210.2a) que o Pleno realizará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses.

De conformidade co establecido,

Propoño ó Pleno da Corporación que as sesións ordinarias do mesmo se celebren os últimos xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 20,00 horas.

No suposto de que non fora posible a celebración no día e hora sinalados, o Decreto da convocatoria da sesión, para hora ou día distinto, deberá motivar o incumprimento do previamente acordado.

*Non obstante o Pleno, co seu superior criterio, acordará o que estime mías oportuno
O Alcalde.: Alfredo Dovale Pedreira”*

Polo Sr. Rego Baamonde propónse que as sesións ordinarias dos meses de maio, xullo e setembro se celebran ás vinte e unha horas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

- Celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación o último xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

As sesións ordinarias do Pleno dos meses de maio, xullo e setembro celebraránse ás vinte e unha horas e as dos meses de xaneiro, marzo e novembro ás vinte horas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

No suposto de que non fora posible a celebración no día e hora sinalados, o decreto de convocatoria da sesión, para día e hora distintos, deberá motivar o incumprimento do previamente acordado.

3.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Dáse conta ó Pleno do Decreto nº 151/2023, de data 28 de xuño relativo á designación de Tenentes de Alcalde.

“D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e habéndose procedido o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar como Tenentes de Alcalde ós seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D.Francisco José Calvín Fondevila.

Segundo Tenente de Alcalde: D. Miguel Freire Gómez.

Terceiro Tenente de Alcalde: Dna. Azucena Cao Sierra.

Os Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto tales, substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO.- *Notificar persoalmente a presente resolución ós designados que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; remitir a resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación e publicala, igualmente, no Taboleiro de anuncios do Concello; a resolución, non obstante, será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura.*

TERCEIRO.- *Dar conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.*

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O ALCALDE: Alfredo Dovale Pedreira”

4.- PROPOSICIÓN SOBRE A CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Procédese á lectura da proposición da Alcaldía sobre a creación da Xunta de Goberno Local que se transcribe:

“O artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establecen dentro da organización municipal, a posibilidade de creación da Xunta de Goberno Local nos municipios con poboación de dereito inferior a 5.000 habitantes cando así o dispoña o Regulamento Orgánico ou a acorde o Pleno da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Considerando que a existencia da Xunta de Goberno Local pode ser de gran utilidade para os intereses municipais, dada a gran diversidade de servizos municipais que serían mellor xestionados e pola garantía que supón que a decisión corresponda a un órgano colexiado,

Propoño ó Pleno

PRIMEIRO.- A creación da Xunta de Goberno Local coa composición, funcións e competencias que se establecen na Lei 7/1985, de 2 de abril.

SEGUNDO.- Que o Pleno delegue na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

a) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.

b) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

c) A concertación de operacións de crédito nas que a contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento, (salvo as de Tesorería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior) de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando no estean previstos nos Orzamentos.

e) As demais que expresamente lle confiran as Leis.

TERCEIRO.- A delegación incluírá tódalas potestades públicas necesarias para o exercicio das mencionadas competencias, con excepción, no seu caso, da potestade regulamentaria.

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local exercerá estas funcións por tempo indefinido, mentras non remate a actual lexislatura ou non lle sexan avocadas polo Pleno as competencias que agora lle delega.

QUINTO.- A Xunta de Goberno Local haberá de informar ó Pleno dos exercicio das competencias delegadas en virtude do presente acordo, en tantas ocasións como lle sexa requerido.

Non obstante o Pleno, co seu superior criterio, resolverá o que estime máis oportuno.

O ALCALDE.: Alfonso Emilio Balseiro Gómez”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do P.S.de G-PSOE, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a creación da Xunta de Goberno Local coa composición, funcións e competencias que se establecen na Lei 7/1985, de 2 de abril.

SEGUNDO.- Aprobar a delegación na Xunta de Goberno Local das seguintes competencias do Pleno:

a) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.

b) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

c) A concertación de operacións de crédito nas que a contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento, (salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior) de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando no estean previstos nos Orzamentos.

e) As demais que expresamente lle confiran as Leis.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

TERCEIRO.- A delegación incluíra tódalas potestades públicas necesarias para o exercicio das mencionadas competencias, con excepción, no seu caso, da potestade regulamentaria.

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local exercerá estas funcións por tempo indefinido, mentres non remate a actual lexislatura ou non lle sexan avocadas polo Pleno as competencias que agora lle delega.

QUINTO.- A Xunta de Goberno Local haberá de informar ó Pleno dos exercicio das competencias delegadas en virtude do presente acordo, en tantas ocasións como lle sexa requirido.

5.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO, NO SEU CASO, DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta ó Pleno do Decreto nº 152/2023 de data 28 de xuño relativo ó nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

“D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón

o artigo 35 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais establece no párrafo 2 letra d) que son órganos necesarios do Concello a Xunta de Goberno Local nos municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e, nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello.

Tendo previsto propoñer ó Pleno a creación da Xunta de Goberno Local e para o caso da súa constitución,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Que formen parte da Xunta de Goberno Local, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, os seguintes Concelleiros:*

- D. Francisco José Calvín Fondevila.

- D. Miguel Freire Gómez

- Dña Azucena Cao Sierra.

SEGUNDO.- *É atribución propia e indelegable da Xunta de Goberno Local a asistencia permanente do Alcalde no exercicio das súas atribucións.*

A tal fin, a Xunta de Goberno Local, será informada de tódalas decisións do Alcalde. Asimesmo a Xunta de Goberno Local exercerá as atribucións que lle deleguen o Alcalde e o Pleno, así como aquelas que lles asignen as Leis.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O ALCALDE.: Alfredo Dovale Pedreira.”

6.- DAR CONTA DAS DELEGACIÓNS ESPECÍFICAS ÓS CONCELEIROS DA CORPORACIÓN.

Dáse conta ó Pleno do Decreto nº 153/2023 de data 28 de xuño relativo ás delegacións específicas.

“D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón,

En uso das atribucións conferidas polo artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Realizar as seguintes delegacións específicas nos Concelleiros que se relacionan:

- D. Francisco Calvín Fondevila: Cultura, Turismo, deportes, facenda e economía.
- D. Miguel Freire Gómez: Medio ambiente, Territorio e infraestruturas, industria e emprego.
- Dna. Alba María Martínez López: Educación, xuventude e igualdade.
- Dna. Azucena Cao Sierra: Sanidade, Benestar Social e Asociacións.
- D. José Manuel Santeiro Fernández: Medio mariño, Portos e Marisqueo.
- D. Enrique Otero Rey: Medio Rural

SEGUNDO.- A delegación inclúe tódalas facultades delegables do Alcalde e referirase á dirección interna e xestión dos servizos que afectan ó ámbito territorial de cada parroquia pero non incluírá a facultade de resolver mediante actos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- De conformidade co artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a delegación surtirá efecto dende o día seguinte á da data da resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre e entenderase tácitamente aceptada se no prazo de tres meses, contados dende a notificación, o delegado/a non fai manifestación expresa de que non acepta a delegación.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O Alcalde: Alfredo Dovale Pedreira”

7.- CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE.

Dáse lectura á proposición da alcaldía que se transcribe:

“De conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, 127 e 134 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, 59 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación coas Comisións Informativas e a Comisión Especial de Contas e sendo que se establece como de existencia preceptiva unicamente a Comisión especial de Contas,

PROPOÑO ó Pleno,

PRIMEIRO.- Declarar a existencia unicamente da Comisión especial de Contas, de conformidade co establecido no artigo 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, en relación co artigo 116 da Lei 7/1985 e o artigo 59 e 68 da Lei 5/1997, á que lle corresponderá o exame, estudo e informe de tódolas contas orzamentarias e extraorzamentarias que deberá aprobar o Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- De conformidade co artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 66 da Lei 5/1997, a Comisión Especial de Contas estará integrada por membros dos distintos grupos políticos.

De conformidade co disposto propono que a Comisión Especial de Contas estea formada por tres membros do Partido Popular e un membro do P.S.de G-P.S.O.E. designado polo seu voceiro. Os membros do Partido Popular que se propoñen para formar parte da Comisión Especial de Contas son:

PRESIDENTE: D. Francisco José Calvín Fondevila.

VOGAIS: D. José Manuel Santeiro Fernández

D. Enrique Otero Rey.

Non obstante o Pleno, co seu superior criterio, acordará o que estime máis oportuno.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O Alcalde: Alfredo Dovale Pedreira”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Polo Sr. Alcalde e polo voceiro de P.S. de G-PSOE désígnanse ós Concelleiros que formarían parte da Comisión Especial de Contas.

O Sr. Rego Baamonde solicita que “as Contas se nos envíen catro días antes e en papel”.

Sometido o asunto a votación o Pleno co voto a favor dos nove Concelleiros adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar a existencia da Comisión Especial de Contas á que lle corresponderá o exame, estudio e informe de tódalas contas orzamentarias e extraorzamentarias que deberá aprobar o Pleno da Corporación.

A Comisión Especial de Contas estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Francisco José Calvín Fondevila

VOGAIS: D. José Manuel Santeiro Fernández

D. Enrique Otero Rey

D. Alfredo González Trasancos

SECRETARIA: Dna. María Valiña Garrido, Secretaria-Interventora.

8.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Procédese a dar lectura á proposición da Alcaldía sobre o nomeamento de representante do Concello no Consello Escolar que se transcribe:

“O artigo 126 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación establece que un dos membros do Consello Escolar dos centros públicos é un Concelleiro ou representante do Concello onde estea radicado o Centro.

O nomeamento debe levarse a cabo ó comezo da lexislatura e extenderse durante todo o período da mesma.

A designación do representante municipal no Consello Escolar é un asunto de gran interés para o Concello xa que, ás funcións que ten que desempeñar descritas na normativa, débese engadir unha moi importante que é a de ser capaz de construír un canal bidireccional de comunicación aberta e fluída entre o centro e a comunidade educativa e a entidade local.

En virtude do exposto, PROPOÑO

PRIMEIRO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do CEIP Francisco López Estrada, á Concelleira Dna Alba María Martínez López.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente nomeamento á Dirección do CEIP Francisco López Estrada

Non obstante, o Pleno, co seu superior criterio, acordará o que estime máis oportuno.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O Alcalde: Alfredo Dovale Pedreira.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar ó Concelleiro Dna. Alba María Martínez López.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección do Colexio Público Francisco López Estrada.

9.- COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.

Dáse conta da proposición da Alcaldía sobre a composición da Mesa de Contratación que se transcribe:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

“A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na Disposición Adicional 2ª, apartado 7, a composición da Mesa de Contratación.

En virtude do exposto, PROPOÑO ó Pleno:

PRIMEIRO.- Constituír a Mesa de Contratación Permanente que actuará en tódolos procedementos de contratación que licite o Concello.

SEGUNDO.- Establecer a composición da Mesa de Contratación que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

Vogais: María Valiña Garrido, Secretaria-Interventora.

María Natividad Rubido Martínez, funcionaria municipal.

Secretaria: María Carmen Casás López, funcionaria municipal.

TERCEIRO.- Proceder á publicación da composición da Mesa de Contratación no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do contratante do Concello.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica: O Alcalde: Alfredo Dovale Pedreira”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a constitución da Mesa de Contratación Permanente que actuará en tódolos procedementos de contratación que licite o Concello.

SEGUNDO.- Establecer a composición da mesa de Contratación que estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

VOGAIS: María Valiña Garrido, Secretaria-Interventora

María Natividad Rubido Martínez, funcionaria municipal

SECRETARIA: María Carmen Casás López, funcionaria municipal

TERCEIRO.- Proceder á publicación da composición da Mesa de Contratación no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de Contratante do Concello.

10.- APROBACIÓN DE DEDICACIÓNS PARCIAIS

Dáse conta da proposición da Alcaldía sobre o asunto que se transcribe:

“O día 28 de maio de 2023 celebráronse eleccións municipais e o día 17 de xuño de 2023 procedeuse á constitución da nova Corporación

Revisada a dotación orzamentaria para o exercicio 2023, coa fin de que non se altere a consignación de gastos e que non supoña transformacións salientables respecto ós orzamentos municipais

PROPOÑO ó Pleno

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes dedicacións:

- Alcaldía: Dedicación parcial, en xornada do 75%, con retribucións brutas anuais de 28.840,00 euros, divididas en catorce pagas.

- Primeiro Tenente de Alcalde: Dedicación parcial, en xornada do 40%, con retribucións brutas anuais de 11.965,80 euros, divididas en catorce pagas.

SEGUNDO.- Os concelleiros que non desempeñen cargos con dedicación percibirán 100,00 euros por asistencia ás sesións do Pleno e 60,00 euros ás da Xunta de Goberno local e das Comisións informativas

En Mañón, coa data da sinatura electrónica.- O Alcalde: Alfredo Dovale Pedreira”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Rematada a lectura o Sr. Rego Baamonde manifesta” Sorpréndeme algo que o que vai como Tenente de Alcalde con dedicación parcial ten unha dedicación exclusiva no ámbito público”

Sr. Calvin Fondevila: “ É de ámbito privado”

Sr. Rego Baamonde “ En calquera caso, calquera traballador que traballe 12 horas... pero hai tamén superhomes. Solicitaría que se publicara nos taboleiros de anuncios as remuneracións de todos”

Sometido o asunto a votación, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do P.S.de G-PSOE, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes dedicacións:

- Alcaldía: Dedicación parcial, en xornada do 75%, con retribucións brutas anuais de 28.840,00 euros, divididas en catorce pagas.

- Primeiro Tenente de Alcalde: Dedicación parcial, en xornada do 40%, con retribucións brutas anuais de 11.965,80 euros, divididas en catorce pagas

SEGUNDO.- Os concelleiros que non desempeñen cargos con dedicación percibirán 100,00 euros por asistencia ás sesións do Pleno e 60,00 euros ás da Xunta de Goberno local e das Comisións informativas.

Ás 20:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, 29 de xuño de 2023

A secretaria, María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira